


ENFIANDO

# BLANCO AMOR E O ATENEO DE OURENSE

Texto Francisco X. Fernández Naval  
Escritor



Arriba, unha imaxe do libro de fotografías de Blanco Amor "A ollada do desexo" (Galaxia, 2004). Abaixo, o propio escritor e artista ourensán



Vimos de pasar agora o vintecinco cabodano de Eduardo Blanco Amor, sen dúbida un dos grandes da nosa particular historia literaria, figura que sempre debemos reivindicar, segundo a opinión, que comparto, do coordinador deste suplemento de cultura, Nicolás Vidal.

Houbo homenaxes, lembranza e conmemoración da data, concretada de maneira feliz e xa dende antes, na publicación, por parte da editorial Galaxia, de libros seus que non era doado atopar, como "Chile a la vista", crónica da viaxe a ese país, ou "A ollada do desexo", catálogo das súas fotografías, con epílogo de Margarita Ledo. Este catálogo de imaxes é o máis completo dos publicados ata agora, que xa no ano 1993 o Clube Cultural Alexandre Bóveda de Ourense, xa desaparecido, publicara "Eduardo Blanco Amor, fotógrafo".

Esta faceta de Blanco Amor fotógrafo non era das máis coñecidas do escritor, sendo, porén, relevante, tanto pola calidade fotográfica das imaxes, como pola sensibilidade que expresan e a emoción que provocan, visión do mundo narrada dende o seu particular punto de vista, complementario do de escritor. ¡Canta vida nesas fotografías dos nenos baixo os hórreos de Louro en Mu-ros!

Entre os anos 1967 e 1971, Blanco Amor asinou colaboracións semanais escritas na Hoja del lunes de Ourense,

nunha sección denominada Fiadeiros. Nelas abordou a súa análise da realidade gris da cidade, a súa pobreza intelectual –logo dos tempos brillantes da Xeración Nós–, a falta de árbores, as carencias da biblioteca, conseguindo co seu traballo bastante máis do que é normal nestes casos, entre outras cousas unha Casa de Cultura con biblioteca nova.

Pero os artigos trascenden o que é o límite do territorio ourensán, transformándose en crónica de toda Galicia e, en reiteradas ocasións, refírese a Concepción Arenal, a quen el denomina "santa", a "Ferrolana" ou "boa señora de Ferrol". No ano 1989, estes artigos foron recollidos no libro "La peligrosa aventura de vivir en un pueblo", en edición de Maribel Outeiriño.

**"Esta faceta de fotógrafo non era das máis coñecidas do escritor, sendo, porén, relevante"**

Nos artigos, Blanco Amor fala tamén de maneira reiterada do Ateneo de Ourense que nacía por aqueles días. Celebrada a decisión e en entregas sucesivas, vai definindo o concepto de Ateneo: lugar onde se supón que se vai efectuar obra de cultura; determina os principios polos que debe rexerse: indispensable seriedade e a imprescindible liberdade; e crítica ás carencias e problemas da posta en marcha. Nese sentido é posible dicir que o Ateneo de Ourense foi en parte obra súa, xa que actuou coma inspector, supervisor ou mecánico da súa posta a punto.

O Ateneo foi un dos seus espazos

preferidos, lugar no que deixar pasar o tempo con mágoa e sen gloria, que dicía el. Alí o coñecín eu. Sucedeu que Blanco Gil, entón director da compañía do Teatro Ibérico de Lisboa, estaba a piques de estreir "Yerma", de García Lorca, e pretendía que Blanco Amor, como amigo que fora de Federico e testemuña excepcional da escrita de "Yerma" (Blanco Amor reivindicou sempre a súa aportación definitiva no final do texto), falase na estrea. O encargo de coordinar todo foi o tamén director Manolo Vidal, pero por ausencia deste, actuei eu de correo, o que me permitiu coñecelo. Falei con el tres veces en pouco máis dunha semana. Estabamos nesas cando sucedeu o inevitable e o Teatro Ibérico estreou "Yerma" sen a súa presenza.

Hoxe, o Ateneo de Ourense está ameazado de peche. Non se produce este por falta de actividade ou de socios. Trátase dunha manobra empresarial amparada pola Consellería de Cultura. Resulta paradóxico que mentres se lle fan homenaxes ó escritor, se liquiden, con dúbidosos argumentos xurídicos, os espazos que ese escritor axudou a construír, que defendeu, invocou, amou e incorporou ó seu territorio vital.

O Ateneo de Ourense, como lugar de vida e de cultura, debería formar parte do itinerario íntimo da cidade, mentres a cidade, co seu latexo, lle dea ánimo. E debe estar no lugar previsto dende a orixe, xa que a súa creación estivo vencellada dende sempre ao edificio coñecido como a Torre. O Ateneo segue sendo entidade útil, lugar que convoca, onde se vai a escoitar, a dicir, a ver algo nobre, desinteresado. Os ateneos, sexa o de Ourense ou o de calquera outra cidade, seguen sendo espazos onde imos a nos poñer en contacto con nós mesmos, coa cultura como acción, como vitalidade, en palabras de don Eduardo.